

Consello de Redacción:

ANTON COSTA RICO

MODESTO HERMIDA GARCIA

MIGUEL VAZQUEZ FREIRE

ANTONIO GARCIA TEIJEIRO

MANUEL BRAGADO RODRIGUEZ



SEMANARIO DE

EDUCACION

DE FARO DE VIGO

Coordina:

JOSE A.º PEROZO

ANO IV N.º 185

## INFORME


A presentación na nosa cidade da II Fotobienal pareceunos, no consello de redacción de A Pizarra, un bo motivo para trata-lo tema da situación da fotografía no ensino. O certo é que, xa non as imaxes producidas tecnicamente (fotografía, cine, televisión, vídeo), senón que, en xeral, as artes plásticas apenas teñen unha presenza significativa nos **currícula** escolares. Onde e como aprender fotografía é o tema dun breve informe –carente de calquer pretensión de exhaustividade– que acompaña a estas liñas. Pero, por outra banda, as opcións das chamadas E.A.T.P. (ensinanzas artístico-técnico-profesionais) no Ensino Medio están a ser utilizadas nalgúns centros para introduciren o ensino, entre outras materias ata o de agora marxinas das aulas, da fotografía. Disto falamos con Manuel Sendón –un dos activos organizadores da Fotobienal e profesor el mesmo dunha E.A.T.P. de fotografía no I.B. “Alvaro Cunqueiro”.

### Análise formal das imaxes

A conversa con Sendón tivo lugar nunhas condicións excepcionais, e moi doorousas para os dous, que agora non cumpre salientar. Abonda dicir que vimonos obrigados a compartir tres longas horas dunha viaxe ida e volta ás terras fisterans. Nesa viaxe naceu a idea deste artigo, e ali mesmo fun tomando unhas notas das que agora me sirvo para reconstruí-las principais ideas que entón barallamos.

Tratábase de reflexionar sobre as nosas comúns experiencias de profesores de Imaxe, el máis centrado na fotografía, eu combinándoa co cine e o vídeo. ¿É posible ensinar a facer fotografías? ¿É deseable organizar ese ensino nun programa cuns obxectivos precisos, cuns contidos ben determinados? Deixando de lado os aspectos técnicos –rudimentos de óptica fotográfica, manexo da cámara, revelado e positivado–, sobre os que non existe moito problema, a cuestión é como desenvolver nos alumnos unha sensibilidade estética que lles permita distinguir a beleza dunha foto, que lles permita seleccionar de forma creadora un determinado encadre máis alá da simple capacidade de facer unha foto tecnicamente correcta.

Eu expúsenlle o meu método, inspirado directamente –aínda que moi libremente– nas teses de Rudolf Arnheim (ver bibliografía). Sobre a base dunha selección de diapositivas, vou explicando os elementos fundamentais para a análise



Carpeta da Fotobienal de Vigo

## O lugar da fotografía no ensino

MIGUEL VAZQUEZ FREIRE

rigorosa dos valores formais das imaxes fotográficas:

- Nocións de equilibrio e desequilibrio formal;
- Estabilidade, dinamismo, tensión;
- Teoría do “peso visual”;
- Tipos de composición: horizontal, vertical, oblicua, espiral;
- Recursos expresivos: asimetría, secuencialidade, contraste, simplicidade...;
- Etc., etc.

Estas nocións teóricas (aínda que sempre ilustradas con abundante material gráfico) simultaneáronse con continuas prácticas fotográficas nas que os alumnos poderán poñer a proba o asimilado.

### Inventa-las regras

Para Sendón este método tiña o problema de ser excesivamente regulamentado. Vía o risco de convertilo ensino da fotografía no coñecemento dunha serie de regras que o alumno debe aprender e lo-

go aplicar. Pero para él a arte fotográfica carece de regras. Non hai unha gramática fotográfica ou gramática das imaxes, cuxa transgresión implica caer en erros ortográficos ou sintácticos. Menos aínda existen regras estéticas capaces de garantir a beleza no intre de facer as fotos. Como todo bo artista –Manuel é indubidablemente un magnífico fotógrafo, cousa que eu, non menos indubidablemente, non son–, sabe que os grandes creadores son xustamente os transgresores das regras, os inventores das novas regras que logo os demais haberán de imitar. No fondo, Sendón pensa, ao modo socrático, que a fotografía non se pode ensinar; apréndese, simplemente, practicándoa. Como guía para esa práctica, a súa proposta consiste nunha a xeito de reconstrución da historia da fotografía por parte dos propios alumnos. Comezariase pola construción dunha cámara estenóptica –que, despois de vela facer ao

profesor, realizará cada alumno– que lles permite entender materialmente o aparente misterio da reprodución fotográfica. Logo, en diálogo cos grandes creadores fotográficos –Manuel dispón dunha completa colección de diapositivas e unha boa biblioteca fotográfica–, confía no libre exercicio creador e expresivo dos rapaces. Os seus resultados serán analizados, ao tempo que van penetrando nos segredos dos fotógrafos históricos, e dese xeito –sen regras, sen directrices fixas– eles mesmos irán formando as súas persoais concepcións estéticas.

### Un certo dirixismo

Aparentemente, os dous métodos non poden ser máis opostos, mesmo contradictorios. Sen embargo, coido, os dous teñen os seus puntos defendibles, e os seus puntos febles. Sen dúbida, o meu semella un algo de máis dirixista. Non obstante, ese certo dirixismo ten unha razón. Trátase de forzar aos alumnos a dirixila ollada alí onde xustamente eles nunca dirixirían. Eles están afeitos a ve-las fotografías como fotos de nenos ou de vellos, de mulleres ou homes, de paisaxes ou edificios. Obrigarlles a contempla-la fotografía como un espacio sometido a unha organización puramente formal, prescindindo da natureza material do obxecto fotografiado, esíxelles prantexarse a práctica fotográfica dun xeito radicalmente diferente ao habitual. Descubrirán que unha foto fermosa non é a foto de algo fermoso (unha obviedade para moitos, pero menos universalmente obvia do que eles pensan). Descubrirán tamén que de calquera cousa se pode chegar a facer unha foto esteticamente valiosa.

¿Pódese confiar en que os rapaces cheguen, dun xeito absolutamente autónomo, por eles mesmos, a ese descubrimento? ¿Non conquerrirá un método como o que Sendón propón acadar isto, sen caer no risco do encorsetamento, da simple copia das regras, como sucede co meu? É posible. De feito, eu penso que ambos-dous métodos poden ser igualmente eficaces. Quizais o que sucede sexa, simplemente, que un bo fotógrafo como Manuel Sendón non precise de regras para transmitir-lle arte de facer boas fotos, porque abonda coa exemplaridade da súa práctica. Quizais eu precise, en troques, do apoio dun certo regulamento para disfrazar-la miña propia inseguridade. Finalmente, as dúas opcións parécenme lícitas. Despois de todo, non soio os Picasso poden ser profesores de arte... ¿Ou si...?

## INFORME


## Onde e como aprender fotografía

Na programación oficial das ensinanzas básicas, media e superior non existe nada semellante a unha asignatura chamada "fotografía". Para moitos, isto non constitúe en si mesmo un problema, senón que máis ben entenden que convertilos estudos de fotografía nunha asignatura tradicional sería un grave erro. Moitos mestres e profesores de media, sen embargo, levan traballando coa fotografía dentro da aula, dende fai xa moitos anos. No último número da Revista Galega de Educación poden atoparse propostas prácticas neste senso (ver bibliografía).

Pero, ¿e aqueles que pretenden incorporarse á fotografía cun interese profesional, aqueles que pensan na fotografía como o seu posible futuro medio de vida? Oficialmente, só na Facultade de Ciencias da Información da Universidade Complutense madrileña a fotografía ten teoricamente un tratamento importante nos plans de estudio. De tódolos xeitos, non como unha asignatura aparte. E, por outra banda, o seu endémico (a pesar da súa curta vida) teoricismo, agravado pola falta de medios (o laboratorio de que dispón é notoriamente insuficiente para o número de alumnos matriculados), ofrece moi poucas garantías a quen ande a procurar unha formación práctica.

Nas vellas Escolas de Artes e Oficios poden atoparse algúns cursos aillados de fotografía, como sucede na de Santiago de Compostela. Tamén nas Escolas de Bellas Artes de Madrid e Barcelona existen varios cursos de fotografía, impartidos por destacados profesionais, como Bueno en Madrid ou Fontcuberta en Barcelona. Pero, en definitiva, quen busquen unha formación competente, e que pase por unha familiaridade garantizada con cámaras, plató e laboratorios, veranse na obriga de recorrer á oferta privada.

As escolas privadas de fotografía e artes visuais en xeral —cáseque todas ampliaron os seus contidos aos eidos do cine e o vídeo— proliferaron en Madrid e Barcelona a partir dos anos setenta. Hoxe hai varias máis ou menos consolidadas, como o "Centro de Estudios del Video" (antes "Centro de Estudios de la Imagen") e o "Taller de Artes Imaginarias" en Madrid, ou o "Institut d'Estudis Fotogràfics" e a "Escuela de Altos Estudios de la Imagen y el Diseño" (IDEP) en Barcelona. Xustamente, do "Institut" catalán recolleemos —sintetizado a partir dun artigo de Casademont na revista "Arte Fotográfico" n.º 388— o organigrama da súa programación, indicativo do tipo de formación que imparten.



Programa de estudos do "Institut" d'Estudis Fotogràfics de Catalunya"

1.º ano.—Non hai materias separadas. Os alumnos (16 por aula) traballan baixo a dirección dun profesor co que manteñen unha relación semellante ao do "mestre cos seus aprendices ou discípulos aos que aprende o oficio".

2.º ano.—Tecnoloxía, Técnicas creativas, Química, Historia da fotografía.

3.º ano.—Seminarios: Historia e crítica da fotografía, Técnicas creativas, Desnudo, Artes gráficas, Técnicas antigas, Cine, Audiovisuais.

4.º ano.—Blocs optativos: Figura (retrato, reportaxe, modas), Técnica (bodegón, arquitectura, industrial). Humanísticas (pedagogía fotográfica, xestión cultural, crítica e teoría da fotografía). Laboratorio color (común).

(Fálaxa dun 5.º ano, aínda en preparación no momento da redacción do artigo do que temos tomado-los datos.)

## De visita pola fotografía

Esta II Fotobienal debería constituir unha oportunidade única para que os ensinantes da cidade de Vigo —e de centros de ensino próximos— achegaran aos seus alumnos a unha das expresións artísticas máis características da contemporaneidade. Contempla-la obra de grandes fotógrafos como William Klein ou Martin Parr axudará a facerlles ver na fotografía algo máis que un instrumento para fixar un suceso ou unha imaxe que se quere conservar. Olla-la foto como un obxecto de arte en si mesmo non ten por qué, non obstante, impedir servirse dela para viaxar ao pasado da propia cidade, oportunidade que ofrece a exposición do Arquivo Pacheco. Vigovisións VI proporciona o oportuno contraste: o Vigo de hoxe visto por seis fotógrafos internacionais.

En conxunto, sete grandes exposicións fotográficas que están a agardar pola visita dos teus, dos vosos ollos.

### Exposicións

1.—WILLIAM KLEIN (Nova Iorque, 1928. Fotógrafo e cineasta).

2.—ARQUIVO PACHECO (fotografías que recollen a vida da cidade de Vigo, dende 1889 ata 1954).

3.—Vigo VIisións VI (seis fotógrafos internacionais fotografían Vigo).

4.—MARTIN PARR (Epson, Londres 1952. Fotoxornalista).

5.—FOTOGRAFIA XAPONESA CONTEMPORANEA.

6.—SCHMIDT DE LAS HERAS (A Coruña, 1900 - 1975. Fotografías obtidas coa técnica do bromóleo).

7.—ESPACIOS (11 fotógrafos galegos expoñen ás súas visións sobre a arquitectura urbana).

As exposicións estarán abertas, dende o 31 de outubro, nas seguintes saas:

Saa dos Peiraos.

Centro Cultural da Caixa de Aforros.


Antigo Edificio do Banco de España.

Saa de Arte.



Saa Nova.

Casa da Cultura.

A máis das exposicións, entre o 31 de outubro e o 29 de novembro terán lugar numerosas conferencias, mesas redondas e tres obradoiros dirixidos por Joan Fontcuberta, Miguel Oriola e Vázquez Caruncho.



JORGE RUEDA



A familiarización coa fotografía é un novo xeito de ensino

## Bibliografía

ARNHEIM, Rudolf. *Arte y percepción visual*. Alianza. Madrid, 1981.

BARTHES, Ronald. *La cámara lúcida*. Gustavo Gili. Barcelona 1982.

CASADEMONT. "Cuando la fotografía ha de ser una asignatura". Serie de artigos na revista "Arte fotográfico" n.º s. 388 a 395.

COSTA, Joan. *El lenguaje fotográfico*. Ibérica Europea de ediciones. Barcelona 1977.

FONT I SUÑE, Angel. *33 técnicas. Recursos audiovisuais*. N.º especial da revista GUIX.

FONT I SUÑE, Angel. "O audiovisuais hoxe" e outros artigos. Separata de "recursos" adicada á fotografía da "Revista Galega de Educación", n.º 3. 1986.

FREUND, Gisèle. *La fotografía como documento social*. Gustavo Gili. Barcelona.

GUBERN, Román. *Mensajes icónicos en la cultura de masas*. Lumen. Madrid 1974.

PEREZ CARAMES e outros. "A fotografía na escola". Separata de "recursos" adicada á fotografía da "Revista Galega de Educación", n.º 3. 1986.

VILLAFANE, Justo. *Introducción a la teoría de la imagen*. Pirámide, Madrid, 1985.

## Un libro de texto para o ensino galego

MANUEL BRAGADO

**¡AMOTE MUNDO!** Grupo Rodicio. Nova Escola Galega. 3º. Ciencias Sociais e Naturais. Edicións Xerais de Galicia. Vigo 1986. 205 pp. (Libro do alumno), 36 pp. (Caderno de traballo).

Citas como a que encabeza este comentario eran moi usuais hai uns anos, cando o debate sobre os libros de texto era moi frecuente nos medios da renovación pedagóxica. Actualmente esta discusión, como tantas outras, xa non está de moda.

O debate sobre os libros de texto produciase entre dúas posturas claramente contrapostas: as de quen defendían apaixonadamente o seu uso, coma principal recurso pedagóxico dentro da clase, e a de aqueles que avogaban taxativamente pola súa supresión.

Esta disxuntiva, actualmente, parécese insatisfactoria. A primeira das posturas fornece unha alta e mesmo total dependencia do libro de texto, nunha escola que considera a súa finalidade sobranceira coma transmisora de coñecementos, mediante un modelo —o pedagóxico tradicional— no que o mestre é o detentador do saber oficial —que contén o libro de texto— e os alumnos receptores pasivos dos contidos que o docente organiza de xeito que todos acaden un determinado grao de instrución.

A segunda postura, que rexeita o libro de texto, critica tanto o libro de texto en si mesmo, como o seu uso dentro dun modelo pedagóxico considerado inaceptable. Dicar "non" ao libro de texto como material único dentro da clase supón un esforzo continuado, que conleva unha fonda transformación do papel e da actitude do mestre. Rexeita-lo material único implica que deberá muda-lo seu método de traballo. Haberá de programar, establecer obxectivos, defini-los contidos, prepara-lo material de xeito que o alumno sexa cada vez mais protagonista da súa aprendizaxe, que a investigación, a súa propia experiencia sexa o eixo do seu estudio, que o traballo en grupo e a discusión sexan as privilexiadas entre as metodoloxías empregadas.

Aceptando esta nova perspectiva o problema non reside tanto na utilización dun texto, coma en transforma-lo modelo educativo, onde o texto e outros recursos, cremos que fundamentalmente a biblioteca de aula, xornais, materiais audiovisuais, e o emprego do territorio como complemento necesario para a verificación e enriquecemento dos coñecementos, haberán de actuar conxuntamente.

Para este labor é indispensable proporcionar recursos aos profesores: monografías, guías didácticas e mesmo cremos tamén que libros de texto. Mais uns textos diferentes, pensados para seren utilizados nun contexto pedagóxico innovador. Cremos que esta é a perspectiva que elixiron os autores de **¡AMOTE MUNDO!**, texto elaborado polo Grupo Rodicio de Nova Escola Galega para ser utilizado en terceiro de EXB nas áreas social e natural.

Atopámonos diante dun libro de texto atípico entre os que ofertan o mercado editorial galego, que continúa a orientación que Edicións Xerais de Galicia iniciara coa serie **O NOSO GALEGO**, do

Colectivo Avantar, de crear uns libros de texto concebidos para utilizar na orientación dunha escola renovada. Libros que fosen unha ferramenta de traballo mais ca unha guía onde viñese recollido todo o saber, que fosen abertos (nos que cada alumno poidese contruí-lo seu propio libro), divertidos (na medida que supuxeran para o alumno unha invitación á aventura de ler outros libros, en definitiva, un instrumento a favor da conquista do neno lector).

**¡AMOTE MUNDO!** parte destes mesmos plantexamentos. Potencia-la actividade do alumno pola experimentación e a investigación. Non é tanto un conxunto de contidos das áreas social e natural, que por outra banda se axustan ós programas renovados aprobados na nosa comunidade autónoma, coma un conxunto de propostas e actividades para seren traballadas na clase. O libro xoga o papel de provocados, da espita que o mestre ó abrir debe aproveitar e completar para que os seus alumnos traballen activamente.

As propostas, enmarcadas no común denominador de pular pola actividade dos alumnos, son moi diversas: realización de experiencias cotiáns ("facemos iogur", "lambetadas"); actividades manipulativas ("retallar e construír un moneco", "facer un reloxo de sol", "facer un compás", "facer un cataventos"...); xogos psicomotrices; traballos de hábitos de hixiene e mantenza; xeitos de evita-los accidentes; traballo en equipo ("formación dun clube de amigos da natureza", "constituimos un equipo de buscadores de plantas, un portador, un anotador, un herborista, un topógrafo, varios buscadores"...); observación sistemática ("onserbámo-lo tempo diariamente" "a miña sombra todo o curso", "observámo-las plantas de clase", "observación semanal para o clube, fago unha ficha"); xogos de simulación/avaliación ("o xogo dos animais" "o xogo das plantas"; investigación ("os servizos da miña localidade", "a estrutura das nosas familias", "as casas do noso barrio", "os traballos dos nosos pais", "os ciclos productivos no campo"); visitas e saídas ("visitamos un obradoiro", "buscamos plantas")...

**¡AMOTE MUNDO!** parte dunha concepción globalizadora das áreas social e natural, incluíndo timidamente elementos doutras como a de expresión (busca de folclore, traballos plásticos, lectura, xogos de linguaxe...). O entorno é considerado de xeito unitario, rachando coas separacións disciplinarias as que nos teñen afeito os libros convencionais. Pena é que algúns temas, adoezan dun estudio máis rigoroso e profundo, como é o caso dos concellos e das comarcas que amosan un ruralismo xa superado.

Coidamos que textos como o que hoxe comentamos que fuxen da concepción monolítica do saber, que pola contra potencian e estimulan a actividade, a observación, a experimentación e investigación dos alumnos, constitúen unha ferramenta importante á hora de facer outra escola. Non dubidamos que este libro, concebido deste xeito, pode resultar incómodo para aqueles mestres que non cren nunha escola renovada.

## Los sentidos: influencia en la educación infantil

ANA DEI

Corrientemente se ha tenido la creencia, que cuando un niño ingresa en la Escuela Infantil, ya están sus sentidos suficientemente desarrollados, y no hay nada más erróneo. En primer lugar, el niño de hoy entra en la Escuela Infantil con edades cada vez más tempranas; en segundo lugar el desarrollo sensorial, sigue un proceso que se inicia con el nacimiento y se prolonga hasta los siete u ocho años.

Hay que tener en cuenta a la hora de actuar, que de todos nuestros sentidos hay dos, a los que la Escuela les ha dado un tratamiento preferente, tales como el oído y la vista, y que a los demás apenas se les ha dado cabida. Todos los sentidos por igual son susceptibles de perfeccionamiento y de todos por igual tendremos que ocuparnos.

En los primeros años escolares, las posibilidades son muchas y hay que saber dirigirlos, pues lo que no logremos en estos años en el ámbito sensorial, difícilmente se podrá adquirir en edades más tardías y representará siempre un obstáculo para ciertos aprendizajes.

### Desarrollo y educación de las sensaciones visuales

El pensamiento visual, tiene un papel fundamental en el pensamiento de los niños con visión normal. Su desarrollo depende del control que ejerce el niño sobre los movimientos discriminativos del ojo. Es de suma importancia la relación pensamiento- vista necesaria para interpretar significativamente esos impulsos nerviosos.

El objetivo general en el campo óptico puede cifrarse en el reconocimiento, identificación y diferenciación de los objetos y la percepción de su forma, tamaño, materia, color y utilidad.

Esta educación se puede lograr a través de una serie de juegos que enseñan al niño a desglosar eficazmente los objetivos antes referidos:

- Juegos para desarrollar el movimiento de enfocar.
- Juegos para desarrollar la imagen mental.
- Juegos para desarrollar la trayectoria ocular.

El gusto y el olfato, los grandes olvidados

en la educación sensorial tienen procesos tan importantes, que sería interesante recordarlos de alguna manera:

### El olfato:

- Proceso de identificación (reconocer, distinguir y descubrir olores).
- Proceso de clasificación.
- Proceso de asociación.

El gusto está estrechamente relacionado con el sentido del olfato, éste estimula al gusto y ante una pérdida del primero también el gusto resulta afectado, y aparece menos sensible.

Los objetivos de identificar, clasificar y asociar, se darían al igual que en el sentido del olfato.

El ofertarle al niño posibilidades de experimentación, distinguiendo diferentes sabores (amargo, dulce, salado, agrio...), y olores agradables y desagradables, deberá estar presente en la programación del educador, de forma progresiva en las diferentes etapas de su evolución.

### Sentido del oído

Lo fundamental en el campo de la educación auditiva, sería enseñar al niño a discriminar los sonidos, haciendo notar diferencia entre lo agradable y desagradable, situaciones de silencio y ruido, diferenciación de sonidos empleando para ello, el medio ambiente y medios técnicos (instrumentos, magnetofón, materiales de desecho...).

### El tacto

El sentido del tacto, es el que nos proporciona mayor número de sensaciones y gracias a él es posible adquirir la noción del mundo exterior y sentir que existen objetos fuera de nosotros mismos.

El tacto forma parte de la sensibilidad general, no es un sentido aislado, sino dependiente.

El niño recibe y expresa sus intereses y necesidades a través del tacto, desde la primera etapa de su vida; por medio de la madre, y desarrollará ampliamente estas sensaciones al llegar a la Escuela Infantil a través del mimo, caricia, cachorreo... y, a partir de aquí llegar a la maduración sensorial.



## Fernando Alonso falou sobre literatura infantil

O pasado sábado día 8 de novembro estivo en Vigo o prestixioso escritor de literatura infantil Fernando Alonso, autor de libros tan interesantes coma "El hombrecito vestido de gris y otros cuentos", "El duende y el robot", "Castillo de Arena", "El hombrecillo de Papel", "Sopa boba", "Feral y las cigüeñas" ou "El bosque de piedra" entre outros.

Co patrocinio da Editorial Miñón e dentro do programa do II Congreso de Escolas Infantís celebrado no Hotel Samil-Playa, o autor —presentado por Antonio García Teijeiro do consello de Redacción de "A Pizarra" do FARO DE VIGO— amosou, con grande amenidade, a súa visión da evolución da literatura infantil en España, así coma o papel por el desenrolado coma creador neste eido. As relacións propias coas Editoriais, a xenese de moitas das súas historias, o inicio dunha tradición literaria para nenos en España, o papel do ilustrador nos libros infantís e as características formais da súa obra en xeral, foron algúns dos temas tratados por Fernando Alonso diante dun auditorio expectante que pronto entrou en comunicación con él.

O remate das súas verbas, abriuse un interesante coloquio, no que os congresistas asistentes fixeron moitísimas preguntas ó gran escritor burgalés.

MAXISTERICO



PEPE CARREIRO


## La escuela infantil: responsabilidad educativa

ANA DEI

Sabido es que las instituciones, tradicionalmente, cambian a un ritmo mucho más lento que la sociedad que las originó. Por eso, afirman muchos, que los centros escolares actuales, no preparan al niño para desenvolverse en el mundo que les ha tocado vivir; y es responsabilidad conjunta de todos, potenciar a mejor, ese proceso de cambio, desde el nacimiento del niño hasta su llegada a la Escuela Infantil.

¿Por qué surge la Escuela Infantil? Evidentemente, su existencia, supone un apoyo real a las parejas trabajadoras. Pero esa no es la justificación principal, ni mucho menos la única. La Escuela Infantil, se crea para prestar a la primera infancia la atención educativa especializada que ésta requiere. Afirmando que las experiencias que el niño tiene en los primeros años de su vida van a intervenir decisivamente en su modo de ser adulto, es algo que ya nadie pone en duda; y partiendo de esta certeza, la Escuela Infantil, intenta proporcionar al niño la estimulación necesaria en cantidad y calidad, para que este establezca las relaciones satisfactorias con el ambiente que le rodea. En la escuela el niño establece sus primeras relaciones sociales, pues hasta entonces la vida en familia no le ha obligado a salir de sí mismo para comunicarse con los demás.

Son objetivos prioritarios el desarrollo afectivo del niño, en un clima de bienestar y estima, así como el desarrollo de su capacidad expresiva, su sensibilidad y su autonomía física y psíquica progresiva. Esto se logra a través de una cuidadosa preparación de sus actividades de apren-



En la escuela, el niño establece sus primeros contactos con la sociedad.

dizaje y una atención individualizada a los procesos evolutivos de cada niño.

Es importante la base que recibe de cara a su incorporación futura en E.G.B., pero su personalidad en formación no debe sufrir desequilibrios a costa de tal preparación.

La primera infancia no es sólo un tránsito hacia la edad adulta, es un momento vital importante en sí mismo, con sus propios intereses, necesidades, formas y actitudes.

¿Qué se le debe exigir a la Escuela Infantil? Evidentemente, condiciones

óptimas de habitabilidad, espacios suficientes por alumno, medidas higiénicas y suficiente material y amplia dotación de personal cualificado. Pero sobre todo, se le debe exigir una línea educativa bien definida y coherente en todas y cada una de las situaciones que tienen lugar en el contacto diario y a lo largo de los aprendizajes que el niño realiza.

Lo importante es no destruir los procesos de formación de la personalidad del niño sometiendo a algunas contradicciones destructivas desviándolos de sus propios intereses. La Escuela Infantil,

tiene que motivar, estimular positivamente al niño a relacionarse con el entorno, a comunicarse con él, y a ir controlándolo progresivamente. Así la tarea en preescolar consiste en colocar al niño en situación de conocer, para que pueda ir aprendiendo a decidir. Es por tanto nuestro papel, un papel activo, donde el educador tiene que ponerle delante cosas que mirar, curiosar, interesarle por lo desconocido...

Todas estas tareas educativas, no son sólo función del centro, sino responsabilidad también de los padres, por eso nos formulamos la siguiente pregunta: ¿Qué debe exigir la Escuela Infantil a los padres de los alumnos? Si tenemos en cuenta que la mayor parte del tiempo del niño discurre entre el centro y su familia, la primera exigencia sería sin duda, una buena disposición a coordinar sus actuaciones con las de los educadores, para proporcionar al niño una orientación congruente acerca del medio en el que vive, dándole seguridad, ya que si el niño recibe los estímulos afectivos e intelectuales positivos suficientes de sus padres, conjuntamente con los recibidos en la escuela por medio de su línea educativa, la formación integral del niño estará en el buen camino.

Finalmente, la Escuela Infantil pediría a los padres, que se informen acerca de la problemática de la primera infancia en general, y del desarrollo de su hijo en particular, que conozcan las consecuencias y repercusiones que cada una de las acciones adultas tienen en el mundo infantil.

Queriendo hacer una valoración, de la importancia que tiene el juego en la planificación de las actividades y en la consecución de objetivos dentro de la escuela juvenil, y pensando en él, como artífice de los cambios cualitativos de la psique del niño, de la producción de cambios que puede originar en su naciente personalidad, vamos a esquematizar la incidencia directa y las consecuencias que dentro de la persona del niño, pueden tener el aspecto lúdico.

Antes de dar paso a esta síntesis, recordamos las palabras de Javier Monfort señalando a la educación infantil, "como el primer escalón en la formación del hombre, dependiendo de dicha educación, en gran medida, la felicidad y adaptación del individuo, al mundo en su vida posterior".

Sintiendo como educadores esta responsabilidad pasamos a dar forma a uno de los medios que creemos elementales en cualquier aprendizaje: el juego y sus características.

-En primer término, por medio del juego, el niño asume distintos papeles y actúa de acuerdo con ellos, descubriendo por primera vez, las relaciones entre los adultos, sus derechos, deberes y obligaciones.

-En el contenido de sus juegos, reflejan toda la realidad que los circunda, su entorno, su ambiente. Reproducen con naturalidad escenas de la vida diaria, familiar y social, manifestando así, sus inmediatas vivencias.

-Con el juego, el niño aprende a vivir en sociedad, participa y mantiene relaciones con el grupo, organizando el juego, distribuyendo papeles, comentando el argumento...

-El juego además requiere del niño iniciativa y coordinación de sus actos, con los de los demás, para así mantener y poder establecer una comunicación.


-También desarrolla la atención activa y la memoria, porque mientras juega, el niño se concentra intensamente y recuerda todo aquello que señalan las normas de juego.

-De notoria importancia, es la influencia que ejerce sobre el desarrollo del lenguaje, pues la necesidad de comunicarse con los demás le estimula a emplear un lenguaje coherente.

-El juego del rol, desarrolla la imagi-

## El juego en la escuela infantil

ESMERALDA DE SAA



El niño en el juego asume todos los papeles

nación, crea situaciones, inventa objetos, los cambia, hace del niño un ser creativo.

-Ayuda a desarrollar la personalidad, porque a través de él, comprende el comportamiento y las relaciones de los adultos, que el imita tomando como modelo de conducta, adquiriendo de esta forma los hábitos indispensables de la comunicación social.

-Con la actividad lúdica, el niño toma decisiones, dispone de un espacio, localiza y guarda materiales, respeta los derechos de los demás...

-Por el juego, satisface muchas de sus necesidades de amor, aceptación, estima, movimiento, exploración, placer, curiosidad, alegría, tristeza, enfado...

-Utilizando el juego como medio de aprendizaje, el educador, llega al corazón del niño, estimulando en él actitudes de respeto, sensibilidad y apertura a sus intereses, pero sobre todo, conseguirá que los niños se sientan felices.

-El niño preescolar, comienza a estudiar jugando. Enseñarle los elementos que constituyen la actividad escolar, sig-

nifica despertar en él, el interés de conocer y prepararle para aprender, y animarle al tiempo, a adquirir nuevos conocimientos.

-En el juego, participa y comparte con los compañeros, entendiéndola un poco, el significado de "trabajo en equipo".

-Es básico para satisfacer los intereses del niño darle diversas opciones, en las que puede elegir, tanto la actividad, como el material a utilizar en cada una de ellas.

Para que el juego pueda ejercer una influencia positiva, deberá contar con el ambiente propicio para su desarrollo, tanto en las instalaciones interiores, como en los espacios al aire libre.

El aula, donde el niño pasa gran parte de su tiempo, debemos concebirla, como un lugar para explorar, curiosar y aprender, donde las experiencias y tipo de interacciones van a permitirle desarrollarse integralmente.

Deberemos contar con el aula con un área de juego, diseñada y pensada, para que el niño interactúe, con determinados materiales y personas.

No olvidemos que la situación ideal para aprender, es aquella, en que la actividad es tan agradable, que el que aprende, la considera un juego.

En cuanto al espacio exterior, debemos organizarlo pensando en lo esencial del movimiento, en la necesidad de desplazarse, reflejar en él su equilibrio y manifestar sus actitudes.

Su organización ha de ser una respuesta, a las diferentes necesidades, intereses y niveles de desarrollo del niño, orientada a ofrecerle variadas posibilidades y experiencias, que propicien su desarrollo, así como esparcimiento y disfrute, al tiempo que descubren, aprenden y se desarrollan.

Todos los elementos que conforman este espacio exterior, deben de estimular el movimiento en los niños, sus actitudes y ansias de experimentar.

El niño podrá ejercitarse en sus formas de movimiento primarias (caminar, correr, saltar...), y secundarias (trepar, empujar, transportar, reptar, arrojar...).

Cualquier elemento empleado en el juego deberá ser creativo, que permita al niño múltiples posibilidades de transformación, huyendo de aquellos objetos que inhiben cualquier tipo de iniciativa.

El espacio al aire libre, deberá proveer una gran variedad de estímulos, y ser lo suficiente rico en elementos, para que todos los niños tomen parte activa en él.

Finalmente, podríamos resumir, los logros que genera el juego, en el desarrollo integral del niño, en los siguientes puntos:

Estímulo personal, a través de texturas, colores, formas, sonidos y múltiples actividades que acrecentan su imaginación, curiosidad y fantasía.

Desarrolla habilidades físicas, la musculatura, locomoción, coordinación, control del cuerpo, posibilidad de relacionar su cuerpo con el espacio que le rodea.

Propicia el crecimiento cognitivo e intelectual, estimulando el pensamiento y resolviendo situaciones conflictivas.

Fomenta la sociabilidad, potenciando la relación con otras personas, respeto, mutua aceptación, colaboración, comunicación, sentido de la libertad, autonomía, seguridad, responsabilidad, espontaneidad..., etc. Desarrolla y madura en definitiva, la personalidad del niño.

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

